



Muxir o dobre de vacas no mesmo tempo

A gandería cordobesa Hermanos García García (Añora) decidiu apostar polo crecemento hai aproximadamente uns dez anos. Situados orixinalmente preto do centro da localidade e cunhas 80 vacas en muxidura, estaban moi limitados para ter máis animais, polo que decidiron comprar un terreo a dous quilómetros e construír unhas instalacións novas.

Ao tomar esta decisión, era imprescindible deixar de traballar coa sala 7x2 en espiña de peixe que tiñan e decantáronse por unha sala paralela GEA Global 90 12x2 de saída rápida.

Co cambio, en 2018, pasaron en pouco tempo dos 80 animais en lactación a 212. Tras este incremento, destacan tres beneficios: **maior rapidez e comodidade no muxido, máis confort nos animais e mellor toma de decisións grazas aos datos facilitados pola sala e os podómetros CowScout.**

Actualmente traballan na gandería os seus dous propietarios, os irmáns José María e Rafael García; a parella deste, Rocío Sánchez; o seu fillo, Adrián Sánchez, e o seu sobriño, Jesús Sánchez. Falamos con todos eles e con Moisés Díaz, da empresa José María Díaz Cobos, distribuidora de GEA en Valle de los Pedroches, e Juan Alpiste, delegado de posventa de GEA no sur de España e Canarias.

Nome da explotación: Hermanos García García
Localización: Añora (Córdoba)
Número total de animais: 353
Vacas en produción: 212
Media de produción: 39 litros/vaca/día
Número de muxidos: 2
Porcentaxe de graxa: 4 %
Porcentaxe de proteína: 3,45 %
RCS: 122.000 cél./ml



Rafael García: “Notamos maior confort nas vacas e nós traballamos con moitísima máis comodidade”

Que sala tiñan antes de instalar esta?

Muxiamos cunha sala 7x2 de espiña de peixe.

Por que se decidiron a cambiar de sala?

A nosa gandería orixinal estaba moi preto de Añora e non nos permitían crecer máis. Alí estabamos moi limitados. En 2013 compramos o terreo actual, construímos a explotación nova e, para poder crecer en número de animais e traballar máis comodamente, apostamos por unha sala con máis capacidade.

Por que se decantaron por GEA e por este modelo?

Porque cremos que teñen boas máquinas e, sobre todo, polo servizo, que nesta zona é bastante bo.

Esta sala Global 90 12x2 de saída rápida era un modelo máis económico e vimos que funcionaba moi ben.

Como planificaron o proceso de cambio?

Da granxa antiga a esta localización hai tan só uns dous quilómetros; entón os animais trasladámoslos andando. Ao acabar de muxilos alí, trouxémolos para esta nova granxa, mentres os técnicos desprazaban o tanque e todo o resto das instalacións.

Como foi a adaptación dos animais e dos traballadores?

Os animais tiveron que acostumarse a outra colocación para o muxido, pois a outra sala era espiña de peixe e esta é paralela. Ao principio tardaban un pouco, pero a verdade é que se adaptaron rápido.

Quizais nos custou máis a nós, porque nos puñamos nerviosos á hora de muxir e tivemos que aprender a utilizar o sistema novo da sala.



Juan Alpiste

Delegado de posvenda de GEA no sur de España e Canarias

Que características destaca desta sala?

Esta sala Global 90 12x2 montouse coa intención de muxir en tres horas como máximo e buscar máis confort para os animais. No proxecto incorporáronse os armarios Multiline, o Dematron 70, o colector Classic 300 e, nun futuro, colocárase un empuxador na sala de espera.

En que consiste o seu asesoramento posvenda?

O meu traballo comeza case coa venda dos equipos. Tentamos realizar as mellores recomendacións e pautar xa desde un principio unha serie de revisións anuais para que a máquina estea sempre en perfecto funcionamento. Xunto aos

“Os gandeiros gañaron calidade de vida e os animais están moi cómodos e producindo ben”

meus distribuidores, estamos moi ao corrente de todos os datos das nosas granxas para tentar corrixir canto antes os posibles problemas que poidan xurdir. A miña función é facer un seguimento de todo o traballo, ter moi claro que os equipos deben funcionar perfectamente, porque, se non, non imos ter unhas boas calidades de leite.

Que beneficios podería destacar desta sala en particular?

Realmente organizáronse moi ben os traballos da explotación. Ao ser un núcleo familiar, o que notaron é que repartiron moito mellor os traballos, gañaron en calidade de vida. Aos animais véselles moi cómodos e están a producir moi ben, teñen uns bos datos en canto a células somáticas, graxa e proteína.

Que diferenzas notaron co cambio?

Obtemos moitísimos máis datos sobre a produción dos animais, a condutividade... Ademais, notamos maior confort nas vacas e nós traballamos con moitísima máis comodidade.

Este cambio achegou saúde para os animais, porque están máis desafoados, teñen máis espazo e benestar, e nós realizamos o traballo máis cómodos e con máis información.

Que valoración fan do cambio?

Se teño que valorar o cambio agora mesmo do 1 ao 10, eu diría que un 10.

Teñen algún equipamento máis de GEA?

Si. Contamos cos podómetros CowScout en todas as vacas e, grazas a eles e aos armarios Multiline e ao DairyPlan, temos acceso a moita información de cada produtora.

Os podómetros captan os celos perfectamente. Ao ter un volume de animais, se non é por eles, non os detectas tan ben, porque a moitas vacas non as ves.

De cara ao futuro, pensan en crecer máis?

Non temos pensado crecer máis, porque agora mesmo traballamos na granxa cinco persoas e aumentar o rabaño implicaría buscar máis persoal. Entre nós confiamos plenamente no noso traballo, pero atopar empregados responsables non é unha cuestión fácil nesta zona. Miramos cara a adiante co que temos e con isto conformámonos.

ENTREVISTA
EN VÍDEO



José María García:
“Os podómetros axudáronnos a mellorar a detección de celos”

“Dentro da nosa organización, eu estou máis centrado nos traballos de limpeza, de alimentación, do laboro e recolección dos cereais e da revisión dos datos.

Grazas ao programa DairyPlan e aos podómetros CowScout, que xa tiñamos na granxa anterior, podo facer un control mellor do traballo diario.

Os podómetros axudáronnos a mellorar na detección de celos. Cando chego á primeira hora da mañá, reviso toda a información que teño no ordenador, apunto os celos e comprobo as distintas alarmas que poida haber.”



Rocío Sánchez:
“Tardamos o mesmo tempo en muxir máis do dobre de animais”

“Encárgome do muxido, ademais de axudarlles coa recría e coa reprodución.

Co cambio de granxa e de sala notamos unha mellora moi grande. O muxido e o manexo dos animais fanse moito máis cómodos. Agora mesmo pode realizar o traballo unha persoa soa, antes non había forma.

O tempo de muxido tamén mellorou. Tardamos o mesmo tempo en muxir máis do dobre de animais.”



Moisés Díaz

Responsable da empresa José María Díaz Cobos, distribuidora de GEA na zona

Por que recomendaron esta sala para esta granxa?

Rafael García chamounos porque quería ampliar a explotación e cambiarse de localización. Decidimos entre todos que unha boa opción sería montar unha Global 90 12x2, para poder facilitar o crecemento da gandería nos seguintes anos.

“Esta sala permítelles ter máis comodidade e tempo libre”

Como foi o proceso de instalación de todo o proxecto?

Ao ser unha granxa de nova creación, o proceso de instalación foi moi cómodo e rápido. O gandeiro estivo connosco sempre.

Que beneficios está a achegar esta sala nesta gandería?

Esta sala axudoulles a muxir o dobre de vacas en menos tempo, a ter máis comodidade e a conseguir máis horas libres. Ademais, o benestar animal tamén mellorou bastante.